Día Internacional da Cidade Educadora

DÍA INTERNACIONAL DA CIDADE EDUCADORA. 30 DE NOVEMBRO DE 2017. MANIFESTO DOS ALCALDES E ALCALDESAS DA ASOCIACIÓN INTERNACIONAL DE CIDADES EDUCADORAS

Manifestamos o noso firme compromiso co dereito á cidade educadora, como extensión do dereito fundamental de todas as persoas á educación e como vehículo para facer realidade outros dereitos fundamentais. Entendemos o **dereito á educación** como motor de desenvolvemento humano social e económico das persoas e das comunidades e elemento indispensable para acadar un desenvolvemento sostible e unha paz duradeira.

Como gobernos locais asumimos o noso compromiso coa educación, unha educación inclusiva e de calidade ao longo da vida, para garantir que este dereito poida facerse efectivo sen ningunha discriminación e reforzando o importante labor educativo exercido por escolas e familias.

Á súa vez, cabe salientar que bibliotecas, museos, centros culturais, de saúde, deportivos, servizos municipais, asociacións, tecido empresarial, medios de comunicación, etc. contan, a miúdo, con propostas educativas dende o ámbito non-formal e informal que poidan integrarse, complementar e enriquecer a educación formal.

Recoñecemos e valoramos o labor educativo de todos estes axentes e traballamos para implicalos na construción dun modelo determinado de cidade, convencidos do enorme poder de transformación social que ten a educación.

Neste sentido, desde o Goberno local, convidamos a centros educativos, familias e sociedade civil a axuntar esforzos para facer efectivo o **dereito á cidade educadora:** unha cidade en que rexa a inclusión e a igualdade de oportunidades, a xustiza social, a democracia participativa, a convivencia entre diferentes culturas, o diálogo entre xeracións, a promoción dun estilo de vida saudable e sostible, a planificación dunha cidade accesible e interconectada, a cooperación, a paz, etc. Principios todos eles, recollidos na nosa folla de ruta que é a Carta de cidades educadoras.

Só se conseguimos artellar unha gran rede local de axentes educativos arredor deste proxecto compartido, acadaremos a conversión do espazo urbano nun espazo educador, onde ademais de facer doado o acceso a coñecementos e saberes, se transmitan valores e actitudes para que as persoas poidan desenvolver as súas capacidades, vivir e traballar con dignidade e contribuír ao desenvolvemento das súas comunidades.

Como responsables políticos comprometémonos a xerar espazos de encontro, diálogo, reflexión e decisión, onde estean presentes as diferentes culturas e grupos sociais que conforman a nosa sociedade e acadar, dese xeito, facermos fronte aos numerosos retos que experimentan os nosos municipios.

International Association of **Educating Cities**
Association Internationale des **Villes Éducatrices**
Asociación Internacional de **Cidades Educadoras**

#EducatingCityDay

CONCELLO DE SANTIAGO
Departamento de Educación e Cidadanía